Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000402

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. SOCIEDADE CULTURAL VIRXE DO MAR CON NIF G15653256.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada pola Sociedade cultural Virxe do Mar con NIF G15653256.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 12.01.2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: *“Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 500,00€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 150,00€ correspondente a área de investimentos, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de investimentos, 150,00€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 112,00€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 38,00€ na área de investimentos mais 899,10€ correspondentes á área de actividades.*

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propor a Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e investimentos realizada pola Sociedade cultural Virxe do Mar con NIF G15653256 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.



SEGUNDO. Liberar a garantía depositada por importe de 899,10 €, correspondentes á subvención destinada a actividades, e liberar a garantía depositada por importe de 38,00€, correspondentes á subvención destinada a investimentos, con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000525	SIA	01/01/2025	20510	112,00€

CUARTO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SEXTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

14. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. AAVV SAN XULIAN DE MONTOTOXO CON NIF G15232507. EXPEDIENTE: 2025/G006/000406

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000406

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. AAVV SAN XULIAN DE MONTOTOXO CON NIF G15232507.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada pola AAVV SAN XULIAN DE MONTOTOXO con NIF G15232507.

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de xaneiro de 2025 relativo a xustificación da subvención.



Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propor a Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e investimentos realizada pola AAVV SAN XULIAN DE MONTOTO con NIF G15232507.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada por importe de 710,91 €, unha vez xustificadas os 2.369,71 € correspondentes á subvención destinada a actividades, e liberar a garantía de 325,39 € unha vez xustificadas os 1.084,63 € da subvención destinada a investimentos, con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

15. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. AAVV PARROQUIA DE PIÑEIRO CON NIF G70327069. EXPEDIENTE 2025/G006/000407.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000407

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. AAVV PARROQUIA DE PIÑEIRO CON NIF G70327069.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada pola AAVV PARROQUIA DE PIÑEIRO con NIF G70327069.

Visto o informe favorable de Intervención de data 21 de xaneiro de 2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 2.578,80€ na área de actividades e, tendo depositada unha garantía por importe de 773,64€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello, 773,64€ co importe que debería a



asociación reintegrar ao concello na área de actividades, 53,74€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 719,90€ na área de actividades”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e investimentos realizada pola AAVV PARROQUIA DE PIÑEIRO con NIF G70327069 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada por importe de 719,90€, correspondentes á subvención destinada a actividades, con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico) e odonar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía restante segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000519	SIA	01/01/2025	20510	53,74€

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

16. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION DE VECIÑOS PROGRESO DE ESTEIRO CON NIF G15412513. EXPEDIENTE: 2026/G006/000003

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000003

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION DE VECIÑOS PROGRESO DE ESTEIRO CON NIF G15412513.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.



Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada pola ASOCIACION DE VECIÑOS PROGRESO DE ESTEIRO con NIF G15412513.

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de xaneiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e investimentos realizada pola ASOCIACION DE VECIÑOS PROGRESO DE ESTEIRO con NIF G15412513.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 750,00 € correspondente á subvención destinada a actividades, e 360,48 correspondente a investimentos, abonando o importe da garantía con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

17. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC MULLERES DA VILA DE CEDEIRA CON NIF G70514534. EXPEDIENTE: 2026/G006/000006

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000006

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC MULLERES DA VILA DE CEDEIRA CON NIF G70514534.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOC MULLERES DA VILA DE CEDEIRA con NIF G70514534.



Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de xaneiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e para investimentos realizada pola ASOC MULLERES DA VILA DE CEDEIRA con NIF G70514534.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.066,37 € correspondente á subvención destinada a actividades e 488,08 € destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

18. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL CON NIF G70478706. EXPEDIENTE: 2026/G006/000007

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000007

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL CON NIF G70478706.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL con NIF G70478706.

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de xaneiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:



PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e para investimentos realizada pola ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL con NIF G70478706.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 696,97 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

19. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA CON NIF G70405733. EXPEDIENTE: 2026/G006/000011

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.01.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000011

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA CON NIF G70405733.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 19 de xaneiro de 2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 2.323,24€ na área de actividades e, tendo depositada unha garantía por importe de 696,97€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello, 696,97€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de actividades, 264,67€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 432,30€ na área de actividades”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:



PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades realizada pola ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 432,30 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía restante segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000524	SIA	01/01/2025	20510	264,67€

CUARTO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

20. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC. CULTURAL DA TERCEIRA IDADE AS ATURUXEIRAS CON NIF G70395561. EXPEDIENTE 2026/G006/000014

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000014

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC. CULTURAL DA TERCEIRA IDADE AS ATURUXEIRAS CON NIF G70395561.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOC. CULTURAL DA TERCEIRA IDADE AS ATURUXEIRAS con NIF G70395561.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 21.01.2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que na área de investimentos non xustifican ningún gasto e que anticipouse o 70% da subvención, 610,37€. Visto que na área de actividades xustifican o total da



subvención e tendo depositada unha garantía por importe de 571,52€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de actividades, 571,52€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, anticipada e non xustificada por importe de 610,37€. Polo tanto, o importe a reintegrar pola asociación sería de 38,85€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e para investimentos realizada pola ASOC. CULTURAL DA TERCEIRA IDADE AS ATURUXEIRAS con NIF G70395561 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira da parte anticipada para investimentos e non xustificada por compensación, segundo o seguinte detalle:

GARANTÍA SUBVENCIÓN ACTIVIDADES	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN INVESTIMENTOS	IMPORTE A DEVOLVER POLA ASOCIACIÓN
571,52 €	610,37 €	38,85 €
		38,85 €

IBAN do Concello: ES 15 2080 5196 2931 1000 0027

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320250000531	SIA	01/01/2025	20510	261,59€
320240000512	SIA	01/01/2025	20510	38,85€

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

21. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2025. EXPEDIENTE: 2026/G006/000018

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.01.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000018



Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2025.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543 que foi asinado o 11 de outubro de 2023.

Visto que con data 13 de xaneiro de 2026 a antedita asociación presenta a documentación xustificativa do importe total da subvención.

Visto o informe favorable de Intervención de data 21 de xaneiro de 2026 relativo á xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada do 30% do importe da subvención, 11.500,00€, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do importe do anticipo do 75% da anualidade do ano 2026, esto é, 25.875,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2026, que é o prorrogado do ano 2025, a favor da beneficiaria, Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543.

QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SEXTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

22. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G15760143. EXPEDIENTE: 2026/G006/000019

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.01.2026, que literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2026/G006/000019



Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G15760143.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 28 de xullo de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita agrupación. O obxecto do convenio é a colaboración por parte do Concello de Cedeira ao financiamento dos gastos correntes e investimentos precisos para un axeitado funcionamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 21 de xaneiro de 2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “*Visto que non xustifican o importe total da subvención na área de actividades, 14.453,66€ e, que teñen depositada unha garantía por importe de 4.350,00€, o importe que se liberará da garantía será 4.303,66€.*”

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a **PROPOÑER** á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA para o exercicio 2025 con NIFG15760143 nos termos sinalados no informe de Intervención de data 21 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO. Liberar as garantías depositadas polo importe xustificado da subvención para actividades, 4.303,66€, e 1.800,00€ para investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Anular en contabilidade a parte da garantía non liberada, segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320250000427	SIA	01/01/2025	20510	46,34€

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

23. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA ANO 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.01.2026, que literalmente di:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA ANO 2026

Vista a Orde do 11 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2026.

Considerando que o artigo 8.1 establece que as bibliotecas para as que se solicita a axuda deben programar un mínimo de dúas actividades das establecidas no Catálogo Ler conta moito 2026, e considerando que o importe concedido a cada concello deberá empregarse para financiar o 75 % do custo de cada unha das actividades, debendo financiar con fondos propios o 25 % restante de cada actividade segundo o artigo 9.2.

PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convocan para o ano 2026.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

24. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 20/2026 de data 16.01.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026

Para fomentar a participación e manter a tradición do Entroido, o Concello de Cedeira organiza o “Desfile de Entroido 2026” o sábado 14 de febreiro de 2026 e convoca á veciñanza a participar nel e no tradicional concurso de disfraces.

Visto o RC nº 220260000090 de data 15.01.2026.

Resultando que a competencia para a aprobación das bases do concurso corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.



Resultando que o prazo de inscrición comezará a principios da semana que ven e é preciso aprobar a convocatoria e as bases do concurso antes da próxima Xunta de Goberno Local, prevista para o 23 de xaneiro.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Convocar o concurso de disfraces Entroido 2026.

TERCEIRO.- Aprobar as bases do mesmo, recollidas como anexo á presente Resolución.

CUARTO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

ANEXO

ENTROIDO 2026 - BASES DO CONCURSO DE DISFRACES

O Concello de Cedeira organiza o desfile de Entroido 2026 o sábado 14 de Febreiro ás 18:00 h. Para fomentar a participación convócase un ano mais o tradicional concurso de disfraces de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA. Para participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición (anexo A) e presentala no Rexistro do Concello (horario de 9:00 h. a 14:00 h.), ata o día 12 de febreiro de 2026 (hora límite – 14:00 h.). A persoa que actúe como representante será a que asine a solicitude de participación e deberá acompañar a fotocopia do seu DNI/NIE/Pasaporte. O/a representante asumirá todas as responsabilidades do beneficiario/a do premio, incluídas as obrigas fiscais. De depender a comparsa ou grupo dunha persoa xurídica a inscrición realizarase a través da sede electrónica do Concello cubrindo unha instancia xeral e especificando nela a categoría na que se concurra, así como achegarase un documento polo que se autoriza á representación á persoa que presenta a instancia.

SEGUNDA. Modalidades:

- **Carroza:** Valoraranse os diversos móbiles (carros, plataformas...) que participen no desfile. A participación nesta modalidade será sumatoria á calquera que permita o uso dun móbil.
- **Comparsa:** Considéranse comparsas un conxunto de persoas formado por un mínimo de 10 compoñentes representando un mesmo motivo.
- **Grupos:** Considéranse grupos un conxunto de persoas de entre 3 e 9 (ambos incluídos) compoñentes representando un mesmo motivo.
- **Asociación ou Centro Educativo:** Esta modalidade está destinada á participación de grupos vinculados aos distintos centros educativos ou asociacións municipais. Para participar nesta modalidade será obrigatorio un mínimo de 10 integrantes, sendo a maioría socios do colectivo ao que representan. A inscrición nesta categoría é excluínte do resto de categorías.
- **Mellor Parella**
- **Mellor Individual**

No caso de inscribir a menores nas modalidades de PARELLAS e INDIVIDUAIS deberá existir un responsable legal para a súa participación.

As modalidades de *comparsa, grupo e “asociación ou centro educativo”* poderán optativamente presentarse apoiados dun móbil (carro, plataforma...) que teña relación coa temática. Este móbil será valorado na modalidade de **carroza**.

A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

TERCEIRA. Establécense un total de **5200 euros** entre os seguintes premios:



PREMIOS	COMPARSA (10 ou máis compoñentes)	GRUPO (De 3 a 9 compoñentes)
1º	1200 euros	600 euros
2º	1000 euros	400 euros
3º	800 euros	300 euros

MELLOR PARELLA	MELLOR INDIVIDUAL
200 euros	100 euros

- **PREMIO A CARROZA** (300 euros)
- **PREMIO A ASOCIACIÓN OU CENTRO EDUCATIVO** (300 euros)

CUARTA. A clasificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso. O xurado será designado polo Concello de Cedeira e quedará constituído por representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade.

QUINTA. Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado estará valorando os seguintes aspectos nunha **escala do 1 ao 5**:

COMPARSAS – GRUPOS - ASOCIACIÓN OU CENTRO EDUCATIVO	PARELLAS - INDIVIDUAIS
Vestuario	Vestuario
Maquillaxe	Maquillaxe
Traballo feito a man	Traballo feito a man
Emprego de materiais de refugallo	Emprego de materiais de refugallo
Orixinalidade	Orixinalidade
Carroza ou similar	
Coreografía, letra creada e/ou música empregada	
Simpatía (involucrar ao público)	Simpatía (involucrar ao público)
Número de participantes	

CARROZA
Traballo feito a man
Emprego de materiais de refugallo
Orixinalidade
Uso por parte dos participantes
Estrutura

É recomendable, ás seguintes modalidades (**Comparsas-Grupos-Asociación-Centro Educativo**) realizar varias actuacións (baile, cancións creadas....) ao longo do desfile para unha mellor valoración. Ao remate do desfile, poderase realizar a actuación de cada grupo ou comparsa de forma voluntaria.



SEXTA. Os grupos e persoas participantes deberán presentarse na Estación de Autobuses ás 17:30 h, media hora antes do desfile e levar a cabo o percorrido marcado pola organización con remate na Praza Roxa. No suposto de non poder facerse o desfile por cuestións meteorolóxicas, buscarase unha data alternativa. De non ser posible realizar o desfile nas datas acordadas posteriormente, o desfile darase por **CANCELADO** ata a vindeira edición.

OITAVA. A orde de saída no desfile será designado pola organización, atendendo a cuestións como levar música soando na carroza ou ter previsto facer parada de baile.

NOVENA. A entrega dos diplomas acreditativos de premios terá lugar ao comezo da verbena da noite (23:30 h). Os participantes deberán estar presentes fisicamente na entrega dos premios para optar aos mesmos, exceptuando menores, que non se esixirá a súa presenza por cuestións de horario. No caso de Grupos, Comparsas e Asociacións ou Centros Educativos será necesario a presenza de mínimo a metade dos participantes, sen ter en conta aos menores. A información sobre a concesión de premios será publicada na páxina web do Concello.

DÉCIMA. Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo mediante transferencia bancaria, a partir do 23 de febreiro de 2026, no Rexistro do Concello de Cedeira, polo seguinte procedemento:

- Solicitud de cobro do premio no Rexistro do Concello, cunha solicitude xeral e aportando un certificado dun número de conta onde figure como titular a persoa que inscribiu a comparsa, grupo, parella ou concursante individual.
- Os premios para Asociacións ou Centros Educativos do municipio, será ingresado nunha conta bancaria da que sexa titular a entidade.

A data límite para solicitar o pago do premio será o 31 de marzo de 2026.

UNDÉCIMA. Os presentes premios levarán consigo a **retención en concepto de IRPF**, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

DUODÉCIMA. A decisión do xurado será inapelable. O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases así como deixar **desertos** calquera dos premios.

DÉCIMO TERCEIRA. A participación no Concurso de Disfraces supón a total e plena aceptación destas bases.

DÉCIMO CUARTA. Estas bases saíran publicadas ao día seguinte da súa aprobación. Estarán dispoñibles para o seu acceso dixital na web do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.cedeira.gal), e de forma física no taboleiro de anuncios das oficinas xerais do Concello e na Oficina de Turismo municipal. Así mesmo, dárase publicidade da súa publicación a través do servizo municipal de información de whatsapp "Cedeira informa", do perfil de Facebook do Concello e na cartelería das festas de Entroido.

ANEXO A			
SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE CEDEIRA			
DATOS DA PERSOA OU PERSOAS PARTICIPANTES			
Nome da persoa/grupo			
Categoría			
Número de participantes			
Carroza Si		Non	
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE			



Nome e apelidos			
DNI			
Dirección para efectos de notificación			
CP		Localidade	
Teléfono			
OBSERVACIÓNS 1. A persoa asinante declara ser certos os datos aportados. No caso de detectarse falsidade, a persoa participante será dada de baixa da actividade. 2. A persoa que actúe como representante deberá acompañar a fotocopia do seu DNI/NIE/Pasaporte. 3. As persoas inscritas, ou no seu caso o/a titor/a, da a súa conformidade para o uso de fotos con fins promocionais das actividades municipais na páxina web, revistas, carteis e redes sociais do Concello de Cedeira.			
Asinado		Data	

“

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

25. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia accidental sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

25.1 RECTIFICACIÓN ERRO NA LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000012

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.01.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 23.01.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDIA

Asunto: RECTIFICACIÓN ERRO NA LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000012

Visto que con data 19.12.2025, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder a a
licenza de edificación 2024/U022/000012 para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en
(Ref. Catastral:

Visto que con data 16.01.2026 emite informe técnico o arquitecto municipal no que se advirte da existencia dun erro no acordo municipal no tocante á identificación da directora da obra, sendo errónea Marina Pérez Primo Arquitecta COAL 13094 e a correcta Patricia Figueira Fornos Arquitecta COAG 4406.

Considerando o previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común Das Administracións Públicas sobre rectificación de erros:

“109.2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”



Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.12.2025, no tocante á licenza de edificación 2024/U022/000012, na identificación da directora da obra onde di Marina Pérez Primo Arquitecta COAL 13094 debe dicir Patricia Figueira Fornos Arquitecta COAG 4406.

2º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

25.2 DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE PÉRGOLA NA PRAZA DE GALICIA"

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.01.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE PÉRGOLA NA PRAZA DE GALICIA"

Expte. 2019/C003/000006

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 627/2021 de 25 de novembro foi adjudicado o contrato de obras denominado "Reforma e construción de pérgola na Praza de Galicia" á UTE MERAKI CR S.L. – CARPINTERÍA METÁLICA FERREIRO S.L. polo importe de **272.022,71 €** (IVE incluído).

Con data 23.11.2021 a UTE MERAKI CR S.L.-CARPINTERÍA METÁLICA FERREIRO S.L. realizou unha transferencia bancaria á conta ES1520805196293110000027 do Concello de Cedeira en concepto de constitución de garantía definitiva para o contrato “Reforma e construción de pérgola na Praza de Galicia” polo importe de 22.481,22 €.

Con data 13.10.2022 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 05.10.2023 (rex. entrada núm. 2023/999/2094) a UTE MERAKI CR S.L.-CARPINTERÍA METÁLICA FERREIRO S.L. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante transferencia bancaria á conta ES1520805196293110000027 do Concello de Cedeira polo importe de 22.481,22 €. E solicita así mesmo que se faga efectiva na conta bancaria da UTE: ES04 2100 5514 9102 0002 4958.

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 10.11.2023, favorable á devolución da citada garantía.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **proponho** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución da garantía definitiva depositada mediante transferencia bancaria á conta ES1520805196293110000027 do Concello de Cedeira polo importe de 22.481,22 €, con abono á conta



bancaria da UTE MERAKI CR S.L.-CARPINTERÍA METÁLICA FERREIRO S.L.: ES04 2100 5514 9102 0002 4958.

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 13:59 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

A PRESIDENTA ACCTAL
MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ